

Polas melloras salariais, laborais e sociais.

Por un Convenio Galego nas EI 0-3



Os/as traballadores/as asinantes, dos Centros de E. Infantil 0-3 de Galiza, diante da precariedade deste sector feminizado, polo bloqueo ás negociacións das patronais do sector, pola falta de máis recursos por parte da Consellaría de Política Social e das administracións locais a este tipo de centros de atención á infancia etapa 0-3 e polo deterioro das condicións salariais, laborais e sociais nos últimos convenios de ámbito estatal, aproban trasladar as seguintes demandas:

- Exiximos da Xunta de Galiza, que decretou a gratuidade desta etapa educativa, así como ás administracións locais dos concellos, **que asuman a xestión pública total destes centros co mantemento do emprego do seu persoal**, e mentres isto non se leve a cabo, **demandamos o incremento das partidas orzamentarias para o sector e que os centros reciban as cantidades necesarias para prestar o servizo cun mínimo de calidade, mellorar a situación dos usuarios e usuarias e as condicións de traballo do persoal: dereitos salariais, laborais e sociais.** Así mesmo, que a Administración galega poña en marcha os mecanismos necesarios para facer seguimento e control das subvencións recibidas por este tipo de centros.

- **Denunciamos as condicións precarias que sofren os traballadores e traballadoras dos centros galegos afectados polo mísero XII Convenio colectivo estatal de infantil 0-3**, que leva bloqueado polas patronais do sector dende 2021 coas táboas conxeladas e cuns salarios por debaixo do SMI . Esta precariedade laboral conduce a un deterioro da calidade dun servizo que debería procurar a mellora dos seus recursos materiais e humanos, en vez de centrarse en criterios economicistas e mercantilistas. **Exiximos ademais modificar e actualizar o caduco decreto 329/2005, para axustar as rateos ás necesidades reais dos servizos (con especial atención ás NEAE) e ás recomendacións da Rede de Atención á infancia da Comisión Europea.**

- **Rexeitamos o actual convenio estatal, xa que as súas condicións impiden que os traballadores e traballadoras poidan realizar o seu labor dun xeito digno.** Consideramos que non se están a ter en conta as características específicas destes centros na Galiza nin, consecuentemente, as condicións laborais propias dos traballadores/as galegas que ven así limitada a súa capacidade de influír no proceso negociador estatal, que a día de hoxe é inexistente, logo de case tres anos de “negociación” un SIMA polo medio ineficaz.

- Dado que as competencias sobre as subvencións coas que se financian estes centros están transferidas á Xunta de Galiza, **demandamos da Consellería de Política Social a súa implicación e colaboración para o inicio dunhas negociacións nas que participen as patronais do sector e as organizacións sindicais**, en función da súa representatividade, **que nos permitan acadar un convenio galego digno para o sector** , que mellore substancialmente as condicións laborais, sociais e salariais recollidas no convenio estatal e por conseguinte o financiamento destes centros. No camiño desta finalidade, crear xa, uns Complementos Salariais Autonómicos ou mesmo locais, que dignifiquen os salarios actuais que están no SMI, na maioría do persoal traballador.

- Estamos **dispostos e dispostas a iniciar un proceso de mobilizacións** para exixirmos o cumprimento destas demandas, xustas e xustificadas, máis cando dende as administracións se nos declara “servizos esenciais”.

Por un Convenio Galego nas EI 0-3

[illegible]